

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32015475	IES O Ribeiro	Ribadavia	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	30
9. Outros apartados	30

1. Introducción

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos tanto dos elementos formais como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oriéntase ao recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora, e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos sublíñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional,

audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 4º de ESO nas seguintes unidades didácticas:

- As artes teñen lingua: Nesta unidade didáctica, afondaremos nos trazos propios das variedades dialectais do español.
- A mirada telescópica nos textos: A palabra e as oracións serán o obxecto de estudo desta unidade. Analizaremos a relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple.
- Cuando en la noche te envuelven las alas de tul del sueño: Esta unidade didáctica dedicárase ao estudo das características do Romanticismo e do seu legado na literatura posterior.
- Convénceme con argumentos. Dedicaremos esta unidade á argumentación e aos distintos xéneros textuais nos que aparecen textos argumentativos.
- Imos a publicidade: Esta unidade está dedicada á mensaxe publicitaria en toda a súa complexidade: o concepto de publicidade, os estereotipos e valores que manexa, a súa finalidade, a interrelación de códigos (lingüístico, visual e auditivo), etc.
- Recogí esta brizna en la nieve: Esta unidade didáctica abordará o estudo da poesía vangardista en España e Europa a través da explicación e identificación das súas principais características formais e temáticas nunha antoloxía de textos proposta polo docente.
- Ofertas de emprego: A relación entre a linguaxe, o mundo laboral e as circunstancias nas que se emprega serán o obxecto de traballo desta unidade didáctica.
- Cadernos de bitácora: Esta unidade didáctica está dedicada ao estudo das principais manifestacións literarias do século XX, xunto cos seus autores e autoras máis representativos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unidade 1	<p>Comunicación. O texto. As propiedades do texto.</p> <p>Reflexión sobre a lingua: o nome e o adxectivo.</p> <p>Educación literaria. A literatura do século XVIII. O Neoclasicismo.</p> <p>Ortografía. A escritura de estranxeirismos e latinismos.</p>	10	9	X		
2	Unidade 2	<p>Comunicación. O texto narrativo: a narración, as voces do relato, os discursos do narrador, clases de narracións literarias.</p> <p>Reflexión sobre a lingua: os determinantes e os pronomes.</p> <p>Educación literaria. A literatura do século XIX: Romanticismo, Realismo e Naturalismo.</p> <p>Ortografía. Regras de acentuación: ditongos, tritongos e hiatos; a tilde</p>	10	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Unidade 2	diacrítica. Os signos de puntuación.	10	9	X		
3	Unidade 3	Comunicación: o texto descritivo. Reflexión sobre a lingua: - O verbo, as perífrasis verbais e as locucións verbais. - As palabras invariabeis (o adverbio, as preposicións, as conxuncións, as interxeccións). Educación literaria: o modernismo e a xeración do 98. Ortografía: as letras H, G, J.	10	9	X		
4	Unidade 4	Comunicación: o texto dialogado. Reflexión sobre a lingua: - Clases de sintagmas. - A oración simple e a oración composta. Educación literaria: o novecentismo, as vangardas e a Xeración do 27. Ortografía: as letras B, V, X.	14	15		X	
5	Unidade 5	Comunicación: o texto expositivo. Reflexión sobre a lingua. A subordinación. As subordinadas substantivas. Educación literaria: a poesía de 1939 a 1975. Ortografía: palabras homónimas.	12	15		X	
6	Unidade 6	Comunicación: o texto argumentativo. Reflexión sobre a lingua: as subordinadas de relativo. Educación literaria: a novela de 1939 a 1975. Ortografía: palabras parónimas.	12	15		X	
7	Unidade 7	Comunicación: os textos periodísticos. Reflexión sobre a lingua: subordinadas non adverbiais. Educación literaria: o teatro de 1939 a 1975. Ortografía: a escritura de expresións numéricas.	12	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Unidade 8	Comunicación: os textos publicitarios. Reflexión sobre a lingua: o léxico do castelán. Educación literaria: a literatura de 1975 á actualidade. Ortografía: abreviaturas, siglas, acrónimos e símbolos.	10	9			X
9	Unidade 9	Comunicación: os textos prescritivos e os textos da vida cotiá. Reflexión sobre a lingua: as variedades da lingua. Educación literaria: a literatura hispanoamericana. Ortografía: palabras xuntas e separadas.	10	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unidade 1	9

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	As alumnas e alumnos serán quen de analizar os mecanismos que favorecen a coherencia, a cohesión e a adecuación en textos multimodais.		
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado será capaz de deducir o significado de determinadas palabras a partir do contexto no que son utilizadas.		
CA3.1 - Realizar argumentacións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado será quen de producir textos orais adecuados, coherentes e ben cohesionados con fluidez, adaptándose ao tempo predeterminado.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	En textos de certa complexidade, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características da linguaxe literaria presentes neles e valorar o seu efecto sobre o receptor.		
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. <ul style="list-style-type: none"> - Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación. - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias; en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios. <ul style="list-style-type: none"> - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	Unidade 2	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	As alumnas e os alumnos serán quen de analizar os elementos do texto narrativo, así como a súa estrutura, as voces do relato e as clases de narracións literarias.	PE	60
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos.		
CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado recoñecerá funcións sintácticas da oración simple e composta e solucionará problemas de comprensión analizando as relacións semánticas e os valores denotativos e connotativos das palabras.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. As falsas noticias. Valoración da forma e do contido do texto - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.

UD	Título da UD	Duración
3	Unidade 3	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado prestará especial atención á adecuación (registro), o respecto polas convencións dos textos descritivos, a ortografía, a presentación e a elección correcta do léxico.	PE	75
CA4.3 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico.		
CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado deberá explicar a relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.		
CA3.5 - Organizar e integrar a información en esquemas propios e reelabora e comunica de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico con respecto aos principios de propiedade intelectual.	Os textos descritivos que elabore o alumnado axustaranse ao esquema básico do tipo de descrición, así como a linguaxe propia da tipoloxía textual.	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definición - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos: a aposición e as oracións de relativo. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións e no discurso relatado. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, debates ou emisión razoada das opinións persoais, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
4	Unidade 4	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	En textos de certa complexidade, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características da linguaxe literaria presentes neles e valorar o seu efecto sobre o receptor.	PE	40
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado terá que ser capaz de comunicarse adecuadamente atendendo ao receptor, así como á intención e á situación comunicativa, escollendo o rexistro adecuado.	TI	60
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado deberá percibir os mecanismos lingüísticos para comunicarse con éxito.		
CA3.1 - Realizar argumentacións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado será quen de producir textos argumentativos orais adecuados, coherentes e ben cohesionados con fluidez, adaptándose ao tempo predeterminado.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mostrando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado deberá participar activamente en interaccións orais, interpretando de maneira crible o papel que lle corresponda en cada momento.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	O alumnado deberá coñecer e respectar as normas de interacción e de cortesía lingüística.		
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escucha activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Producción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

UD	Título da UD	Duración
5	Unidade 5	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	As alumnas e os alumnos serán quen de analizar a estrutura, a linguaxe e a intención comunicativa dos textos expositivos.	PE	80
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e de instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	As alumnas e os alumnos terán que elaborar borradores e presentar textos expositivos escritos ben estruturados onde logren informar sobre temas de interese xeral.		
CA4.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado será capaz de comprender e analizar as ideas fundamentais dos textos literarios, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra.		
CA4.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	En textos de certa complexidade, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características da linguaxe literaria presentes neles e valorar o seu efecto sobre o receptor.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos: a aposición e as oracións de relativo. - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos: a aposición e as oracións de relativo. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais (booktrailers) para o fomento da lectura. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Efectos dos seus recursos expresivos na recepción. - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

UD	Título da UD	Duración
6	Unidade 6	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e de instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	As alumnas e os alumnos terán que elaborar borradores e presentar textos argumentativos escritos ben estruturados onde logren persuadir sobre temas de interese xeral.	PE	57
CA4.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	En textos de certa complexidade, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características da linguaxe literaria presentes neles e valorar o seu efecto sobre o receptor.		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado explicará as interconexións entre os niveis morfolóxico, sintáctico e semántico mediante a observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado terá que captar a maneira de impactar, informar, atraer e crear unha necesidade que ten a mensaxe argumentativa para lograr persuadir.	TI	43
CA3.1 - Realizar argumentacións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado será quen de producir textos argumentativos orais adecuados, coherentes e ben cohesionados con fluidez, adaptándose ao tempo predeterminado.		
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas.

Contidos

- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Elaboración de secuencias textuais, con especial atención ás argumentativas.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
7	Unidade 7	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	As alumnas e os alumnos serán quen de analizar a estrutura, a intención comunicativa e a linguaxe nos textos periodísticos.	PE	50
CA4.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado será capaz de comprender e analizar as ideas fundamentais dos textos literarios, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra.		
CA4.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	En textos de certa complexidade, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características da linguaxe literaria presentes neles e valorar o seu efecto sobre o receptor.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado terá que captar a maneira de impactar, informar, atraer e crear unha necesidade que ten a mensaxe periodística.	TI	50
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Os alumnos e as alumnas teñen que discriminar a información en función da súa fiabilidade e pertinencia á hora de documentarse para elaborar textos periodísticos.		
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. As falsas noticias. Valoración da forma e do contido do texto - Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Procesos de indagación ao redor das obras lidas que promovan o interese por construír a interpretación destas e establecer conexións entre textos. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
8	Unidade 8	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	As alumnas e os alumnos serán quen de analizar a creatividade e de diferenciar a marca, o logotipo e o eslogan dos anuncios publicitarios.	PE	30
CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade, avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado deberá recoñecer a tese e identificar os argumentos de apoio, de refutación de concesión e de adversación. Valorará a súa pertinencia e detectará as falacias.		
CA4.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado será capaz de comprender e analizar as ideas fundamentais dos textos literarios, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra.		
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado evitará os prexuízos e estereotipos lingüísticos e terá que identificar os elementos verbais e non verbais que resulten discriminatorios.	TI	70
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	É imprescindible que o alumnado participe e interaccione con actitudes de respecto e tolerancia.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado terá que captar a maneira de impactar, informar, atraer e crear unha necesidade que ten a mensaxe publicitaria para lograr persuadir.		
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca e coa comunicación da información.	O alumnado deberá ser capaz de valorar a fiabilidade das fontes das que obtén a información.		
CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado deberá analizar criticamente e rexeitar valores habituais da mensaxe publicitaria: sexo como reclamo, delgadez, violencia, imaxe vexatoria da muller, discriminación...		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	O alumnado revisará en todos os niveis (gráfico, fónico, morfosintáctico e lexico) o anuncio publicitario para lograr unha mensaxe máis impactante, mantendo en todo momento sólidos criterios éticos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado será capaz de compartir coa clase a análise de textos literarios actuais do patrimonio nacional, empregando guías de lectura e expresando axeitadamente as súas claves interpretativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e aos rexistros. - Exploración e cuestionamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos de contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. As falsas noticias. Valoración da forma e do contido do texto - Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. - Alfabetización mediática e informacional: Reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas vi - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
9	Unidade 9	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, contrastando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado deberá, como mínimo, identificar os trazos dos dialectos do español a través da súa presenza en diferentes manifestacións artísticas (obras literarias, cancións, películas...).	PE	44
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado terá que captar o sentido global do texto prescritivo ou da vida cotiá, a intención do emisor, a estrutura do texto e a información máis importante.		
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais e outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado será capaz de establecer vínculos entre os textos procedentes da literatura hispanoamericana, agrupalos en parentescos literarios e relacionalos con outras expresións artísticas.		
CA1.2 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística na contorna escolar e social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre as linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	O alumnado deberá valorar a diversidade lingüística e ser respectuoso coas diferentes linguas e dialectos. Tamén será quen de explicar os fenómenos do contacto entre linguas.	TI	56
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Nos textos do ámbito empresarial altamente estandarizados, o alumnado deberá amosar preferencia polas construcións nominais, oracións breves, abundantes datos obxectivos e conectores explicativos.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	O alumnado revisará en todos os niveis (gráfico, fónico, morfosintáctico e léxico) o texto prescritivo ou da vida cotiá, para lograr unha mensaxe máis impactante, mantendo en todo momento sólidos criterios éticos.		
CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumnado será quen de ler de maneira autónoma textos procedentes da literatura hispanoamericana e expresar de forma argumentada os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora vinculada a ela.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Comparación de trazos das principais variedades dialectais do castelán, con especial atención á do propio territorio.
- Desenvolvemento da reflexión interlingüística.
- Indagación arredor dos dereitos lingüísticos e da súa expresión nas leis e declaracións institucionais.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
 - Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital.
 - Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura.
 - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas, a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: a construción da biografía lectora.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia e da etapa, así como unha axeitada adquisición das competencias clave. Este enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos/as estudantes. Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmos. Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: aplicación de adaptacións curriculares significativas, dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, agrupamentos flexibles, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (comprensión e expresión oral e escrita, comunicación, reflexión lingüística, educación literaria, resolución de problemas, razoamento lóxico, desenvolvemento do pensamento abstracto...).

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando ao alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Estes principios metodolóxicos han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido: As linguas e os seus falantes, Comunicación, Educación literaria e Reflexión sobre a lingua. Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Emprego de estratexias para a comprensión e a recomendación lectora:

-Lectura compartida de textos propios do ámbito persoal, social e académico para procurar a interacción entre iguais, posto que todo o alumnado participará na lectura en voz alta dos fragmentos escollidos, a escoita activa, a comprensión oral e a explicación e argumentación arredor da interpretación dos mesmos.

-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información esencial, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta comprensión, recoñecer a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura e interpretar os fragmentos propostos tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis, textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para asimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

-Lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos distintos xéneros literarios (lectura compartida, recitado de poemas, dramatización de textos dialogados), arredor de temas próximos á realidade e aos gustos do alumnado, acompañados de estratexias de comprensión lectora, como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación dos coñecementos previos dos estudantes, a atención aos contidos principais do texto e a formulación de predicións de lectura.

-Realización dun obradoiro de lectura e escritura creativa na aula para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos de actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse catálogos ou menú literarios, produtos multimedia nas que se condensan as reflexións e conclusións de lectura e coloquios literarios.

-Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna dos estudantes. Propórase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma e ao contido dos fragmentos propostos.

8) Creación de textos con intención literaria a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos...).

9) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas. Realizaranse, ademais, actividades para a composición e deseño de glosarios temáticos.

10) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

11) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Materiais de investigación e consulta.
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión e crítica, pretende favorecer o hábito lector do alumnado, partindo de textos próximos aos seus intereses e expectativas para ir achegándoos progresivamente á literatura clásica.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Diccionario da Real Academia Española: www.rae.es

Diccionario Panhispánico de Dúvidas: www.rae.es/dpd

Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>

Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com

Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com

Ampla colección de audio e videopoemas: www.palabravirtual.com

Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>

Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>

Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>

Prácticas de lectura intensiva e comprensión lectora: <http://www.xtec.cat/~jgenover/complec.htm>

Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: <http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice>

Plataforma educativa para traballar a comprensión lectora: <https://www.intralineas.com/>

Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>

Aula de Letras: http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html

Morderse la lengua: https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm

Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>

Exercicios interactivos para traballar o léxico: <http://www.xtec.cat/~jgenover/lexico.htm>

Actividades interactivas sobre sintaxe: <http://www.xtec.cat/~jgenover/sinta.htm>

Actividades interactivas sobre ortografía, lingua e diversidade: <http://www.xtec.cat/~jgenover/miscel.html>

Páxina web do ITE (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas): <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira semana de clase, haberá unha proba escrita que recabará datos para a avaliación inicial. A proba constará de dúas partes: comentario de texto e cuestionario tipo test. O comentario de texto avalía especificamente a capacidade de comprensión e expresión escrita, e o test recolle os contidos curriculares básicos da materia a nivel de 3º de ESO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	14	12	12	12	10	10	100
Proba escrita	0	60	75	40	80	57	50	30	44	49
Táboa de indicadores	100	40	25	60	20	43	50	70	56	51

Criterios de cualificación:

En cada avaliación, ponderaranse tres variables:

- Proba/s escrita/s (mínimo dúas por avaliación).
- Traballos en clase, segundo táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, etc): formulación de dúbidas, proposta de accións, participación no traballo grupal con adecuación ás normas de cortesía lingüística, elaboración de proxectos e exposicións.
- Libro de lectura obrigatoria.

Para a obtención da cualificación de cada avaliación, a ponderación efectuarase do seguinte xeito:

- Probas escritas: 70%
- Tareas individuais e grupais escritas e/ou orais, traballo diario: 15%
- Libro de lectura obrigatoria: 15%

Elaborarase unha rúbrica para as diferentes probas e tarefas escritas, a través da cal se valorará a corrección ortográfica do alumnado.

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5.

A cualificación final obtense a partir da media aritmética entre as notas das tres avaliacións parciais, con aplicación do redondeo.

Criterios de recuperación:

Tras cada avaliación, realizarase unha recuperación da mesma se esta non foi superada. A cualificación final obtense a partir da media aritmética entre as notas das tres avaliacións parciais, con aplicación do redondeo. Para facer a media, se hai exame de recuperación nalgunha avaliación, terase en conta a nota máis alta de dita avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a

lexitimidade das diferenzas de todas os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os/as estudantes, sexa cal sexa a súa condición persoal, dispoñan na súa contorna educativa das condicións necesarias de acceso a unha formación integral e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Deseño de programas específicos reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos e deben ter en conta as vivencias particulares do alumnado (como, por exemplo, os oficios locais, as materias primas e a toponimia). Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.
- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X		X	X				
ET.2 - Educación cívica e en valores				X	X		X	
ET.3 - Formación estética			X		X	X		X
ET.4 - Igualdade entre mulleres e homes			X	X	X			
ET.5 - Respetto mutuo e cooperación entre iguais			X	X	X			
ET.6 - Liberdade de expresión	X			X	X			
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico		X					X	

	UD 9
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	
ET.2 - Educación cívica e en valores	
ET.3 - Formación estética	
ET.4 - Igualdade entre mulleres e homes	
ET.5 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	
ET.6 - Liberdade de expresión	
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	

Observacións:

No artigo 18 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaránse en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Así mesmo, promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiros de escritura creativa	Este obradoiro permitirá achegarnos á linguaxe desde un enfoque máis vivencial. Implica un traballo coa escritura e coa a lectura, en tanto que son competencias transversais no currículo académico. Supón reforzar a capacidade de comprensión do alumnado, a adquisición dun espírito crítico, o desenvolvemento da creatividade e dun hábito lector.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visionado de películas	O visionado de películas é un excelente vehículo para completar e enriquecer as aprendizaxes do noso alumnado. Podemos visionar filmes baseados nalgúns dos libros lidos en clase ou nos clubs de lectura do centro. Esta actividade, ademais de relacionar linguaxes distintas, axudará a mellorar as capacidades de comunicación do alumnado, as habilidades sociais (destrezas conversacionais tanto verbais como non verbais) e a expresión de emocións. Tamén é unha actividade idónea para potenciar a autoestima dos participantes.	X		
Visita ao teatro	Asistencia a unha representación teatral dalgunha obra da literatura clásica española, tratando, así, de fomentar o gusto polo teatro e maneiras alternativas de conectar ao noso alumnado co patrimonio literario.		X	
Palabras maiores	Visita á residencia de maiores para realizar lecturas, buscando, deste xeito, unha interacción entre persoas de idades diferentes, cos seus respectivos gustos, puntos de vista e intereses.		X	
Celebración de efemérides como o Día do Libro e o Día das Letras Galegas	Coa celebración destas datas, o alumnado pode realizar traballos de búsqueda de información de determinados autores e autoras. O profesorado deberá traballar en equipo con compañeiros e compañeiras doutros departamentos, polo tanto é unha actividade ideal para desenvolver tarefas cooperativas de xeito interdisciplinar.			X
En busca da noticia	Na sociedade actual, o alumnado debe coñecer a linguaxe dos medios de comunicación. Esta actividade permite que se acheguen a este medio e que, a través dunha proposta de aula, se convertan en redactores de noticias. Podemos buscar un tema do programa de clase ou de actualidade e, cunhas instrucións precisas, elaborar unha noticia e compartila na aula.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.
Realízanse as actividades complementarias programadas.

Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa ou coa materia pendente de cursos anteriores.
Metodoloxía empregada
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Explicáronse e corríxíronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
Medidas de atención á diversidade
Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos que así o requiren.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados